



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE
XANEIRO DE 2013

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA

Concelleiro

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA

Concelleiro

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e tres minutos do día tres de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVA Á APROBACIÓN DO “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SERVIZO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS”.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

2º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE NOVEMBRO DE 2012, ÁMBOS DOUS INCLUÍDOS.

3º.-ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURA E MEDIO AMBIENTE RELATIVA Á APROBACIÓN DO “CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SERVIZO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ABANDONADOS”

Sr. Alcalde: Boa tarde a todos e feliz ano para tódolos presentes nesta sesión plenaria e que o ano comece con bo pé. Temos hoxe no pleno ordinario, o único punto na orde do día na parte resolutoria que trata sobre a aprobación do ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente relativa á aprobación do Convenio Marco de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para o establecemento do servizo da recollida de animais de compañía abandonados. Para facer unha pequena presentación desta proposta ten a palabra o Concelleiro de Medio Ambiente, Juan Constenla.

Sr. Constenla Carbón, do PP: Boas tardes a todos e a todas. Este é un convenio que se trata de firmar coa Excelentísima Deputación de Pontevedra, sobre todo cos concellos que non temos as instalacións necesarias para recoller ós animais abandonados, animais abandonados que son un perigo tanto de salubridade para os veciños como perigo para as carrêteiras. A este convenio podemos acollernos o Concello da Estrada por ser un Concello de menos de 50.000 habitantes; o que nos faría que veñan a recoller os animais soltos polas nosas rúas e levalos á canceira de Meis. Este servizo que nos prestaría a Excelentísima Deputación de Pontevedra tería un custe de 30 céntimos por número de habitantes da Estrada, e o número de habitantes da Estrada colleríase do INE a 1 de xaneiro, neste caso, do ano 2012. É un servizo que é totalmente necesario para o noso concello, ó non posuír canceira municipal e dar un servizo a todos os veciños e veciñas da Estrada.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas, algunha intervención? Ten a palabra, Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Boas noites a todos e a todas. Comezar tamén desde o noso grupo desexando bo ano a todos os presentes así como ó resto de veciños e veciñas da Estrada. Dicer que o punto que nos trae hoxe aquí coincidimos igual que coinciden na súa maioría os veciños da Estrada en que é algo necesario, posto que todos sabemos nalgún caso de animais abandonados, todos sabemos incluso de situacións de perigosidade que estes animais poidan ocasionar. E todos sabemos e entendemos que é obriga do Concello poñer solución a isto. Sabemos e somos conscientes igualmente de que o Concello da Estrada carece de infraestrutura para poder facelo nestes momentos, e sabemos que é necesario dar unha solución. A solución que nos presentan aquí, desde a Deputación de Pontevedra, desde logo no seu convenio, é moi mellorable, é moi mellorable porque se fala de animais abandonados e non se aclara que son animais abandonados ou que non. Debe deixarse aberta a opción tamén (e así o manifestamos na Comisión) a que se faga unha distinción no devengo de taxas entre animais que están identificados e se puideron extraviar, ou animais que están sen identificar e están abandonados; e mesmo deixar aberta a posibilidade de que algunha persoa queira ou por imposibilidade de mantemento ou por imposibilidade de seguir coidando de distintos animais (de facerse cargo deles), pois poida

acollerse a este servizo cunhas taxas. Por tanto, todo iso debería contemplarse. Ó igual que se debería contemplar tamén cal é o prezo polas prestacións destes servizos ós cidadáns. É dicir, dise que debería de facerse cargo dunhas cotas, dunhas taxas, duns prezos públicos, duns gastos ocasionados se o animal está extraviado, se non o está, se está abandonado, se está marcado ou non, e iso non se contempla. Tampouco se di efectivamente canto vai a durar este convenio. Se fala dun xeito un tanto indefinido. Se falaba tamén dun prezo, de 30 céntimos por animal, un prezo que á hora da verdade, tal e como recoñece o inicio da proposta do Sr. Concelleiro, se este ano, no 2011, se recolleron 70 animais, estes máis de 6.500 euros, case 6.600 que tocarían, fai que cada animal recollido no 2011, saíria a 92 euros. Co cal resulta algo caro este servizo para os animais que se recolleron no Concello da Estrada. Así mesmo, tamén se di que o Concello seguirá tendo as facultades de policía e as facultades de sanción nos casos necesarios. Isto non queda regulado, está totalmente indefinido. Igual que tamén queda indefinido en base a que se vai a mellorar ou non o prezo, posto que non se sabe se ese prezo vai a poder reducirse ou non. Agora mesmo é totalmente indefinido; é máis: queda aberta a porta a que nun futuro se produza unha suba porque non se corresponda cos gastos reais e non se poida atender ós gastos, e que sexan os concellos sen facer distinción entre que concellos, independentemente dos animais que se recollan en cada concello; os que se subscriban a este convenio teñan que abonar máis en proporción dos seus habitantes. Pero non so iso, porque iso está así definido, pero terían que aboar máis na mesma porcentaxe para poder dar satisfacción a eses gastos a maiores que se produciran, que non se sabe se existen, se non existen ou cales poden ser. Polo tanto, desde logo, como dicíamos, este convenio pode ser moi mellorable. Sen embargo, tamén como manifestabamos, sabemos que é necesario dar unha resposta a esta situación, á situación que xenera a presenza de animais mortos nos viais, que non debemos esquecer, cada titular dos viais, sexa Fomento, sexa a Xunta, sexa a Deputación ou o Concello debe facerse cargo dos animais aparecidos no seu vial. Polo tanto, xa non todos e aí se debe de estar vixiante por parte do Concello, deberían ir a costa do Concello. Sen embargo, como dicíamos, sabemos que é necesario dar unha resposta a esta situación e, por tanto, desde este grupo se vai a dar un voto de confianza a esta iniciativa, iso si, reclamando que é mellorable, que debe ter, en conta todas estas cousas, como dicíamos, o tema da identificación dos animais é o camiño a perseguir é o camiño a buscar; e desde logo, definir se está abandonado ou non, se debe de traballar máis. Igual que se debe de traballar, como dicíamos, a opción de que as persoas poidan acollerse e saber cales son eses prezos públicos que van a ter que pagar. E que vai a pasar, porque se di no convenio que se debe aceptar a formula de xestión proposta pola Deputación e non sabemos máis ó respecto. Polo tanto, damos un voto de confianza, sabemos que este servizo é necesario, facerse cargo destas necesidades, pero desde logo o convenio debe ser mellorado e o Concello (esa é a súa obriga) debe de velar polos intereses de todos e polo tanto mellorar este convenio coa Deputación e non firmar un papel en branco. Grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas Sra. Louzao. Ten a palabra Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Empezando a miña intervención como fixemos todos: feliz ano ós presentes e esperemos que sexa mellor co 2012. Como ben dicía a compañeira do grupo socialista, é un convenio netamente mellorable, empezando xa polo título, porque se pon "do servizo de acollida de animais de compañía abandonados", e non se refire a animais de compañía; nada máis se refire única e exclusivamente a cans. Deberíase ir un pouquiño máis alá xa que a maioría dos problemas os xeneran os cans, incluso os gatos (pero tampouco se fala da súa recollida) e outro tipo de animais non se contemplan, pero bueno si causan problemas como poden ser certos animais alóctonos que unha vez ceibados no medio causan serios problemas ó Medio Ambiente e debería estar controlado. Como ben dicía a portavoz do grupo socialista, e falaba o outro día na Comisión, hai que ir a atallar este problema, e este problema pasa pola identificación e o control de cans. Se se abandonan cans é porque hai administracións que non exercen as súas competencias, como é o caso de Medio Ambiente, que debería facer un control moito máis exhaustivo dos cans, neste caso de caza. Porque non podemos negar a evidencia de que hai épocas do ano claras que son onde se produce o abandono dos cans, que está relacionado cos comezos e os finais

de caza. Aínda que a inmensa maioría dos cazadores son xente concienciada de que ten que ter os seus animais en regra, segue habendo cidadáns que non gardan as mínimas normas de comportamento, igual que pasa na carreteira ou en calquera outra actividade da nosa vida. E se Medio Ambiente exercera as súas competencias e controlara a tódolos cans, e estivesen identificados da mesma maneira que se lle esixe ós gandeiros, cousa que por outro lado é normal a súa exhaustiva identificación de tódolos seus animais, sexan vacas, cabalos, ovellas, porcos, o cal é normal... É increíble que animais que xeneran auténticos problemas de saúde pública como son os cans, que calquera energúmeno (porque hai que chamarlle así), poida chegar á altura de setembro e non lle gusta o can e o ceiba e na feira; antes era moi habitual que os ceibaran alí diante do San Onofre despois de ir a comer, entón eu como vivo na Gradin..., supoño que o Sr. Alcalde que tamén vive na zona sabe o que pasaba. Agora xa non pasa tanto porque xa non comen os cazadores por alí pero antes era habitual que se ceibaran os cans por alí e era polo mes de setembro e xaneiro cando remataba a temporada de caza. E xa digo, se as administracións encargadas de controlar que os cazadores teñan a súa licenza e que cumpren a Lei, unha das cousas que teñen que controlar é que os cans estean identificados. Probablemente evitaríamos que o 90% dos abandonos dos cans se producisen. Apuntaba tamén o outro día na Comisión que o mellor sería interesante dotar á policía municipal dun sistema de lectura de códigos dos chips para controlar tamén que os animais de compañía no casco urbano que todos estean controlados. Que eu creo que aí non hai problema, cun animal de compañía, (non é un animal de caza porque un animal de caza é un animal de traballo), e aí non hai problema de abandono. E tamén no convenio o que xa se falaba aquí que xa se apuntaba do tema da recollida dos animais mortos, tódalas administracións teñen competencia nos seus viais, teñen obriga de recoller estes animais. Non sería o maior problema para o Concello. Si que vexo que é un sistema que á larga non vai a ser, non se vai a manter no tempo. Pensemos que se a canceira está en Meis, ir a recoller un can, xa non digo na Estrada, á Agolada, o custe que lle vai ter á Deputación vai a ser inasumible, á larga isto non vai a durar. Vale como un parche para saír do apuro, pero eu creo que habería que ir a estudar un sistema dunha canceira comarcal que podería ser a zona Deza – Tabeirós – Terra de Montes. Xa sabemos que agora non están os tempos para facer unha canceira, pero si o mellor sería interesante empezar a facer estudos de viabilidade, de onde habería que situala, de custe económico..., porque xa digo: dudo seriamente que con estes prezos sexa viable ir a recoller un can á Agolada. E ó final vai a repercutir o custe no resto dos concellos, co cal estes 30 céntimos á volta de ano ou ano e medio esteamos falando xa de 35 ou de 40. Isto se reduciría se se creara unha rede provincial de canceiras que evitasen este tipo de problemas. Pero xa digo, hai que ir a atallar o problema desde o principio para evitar que a xente incívica faga este tipo de actividades, e iso pasa por un control de que todo o mundo teña identificado os seus animais. E para iso hai que esixirlle a Medio Ambiente, á Xunta de Galicia, que é a que ten competencias de identificar os cans no monte, que faga a súa labor e que identifique e controle que todo o mundo que leva un animal ó monte ou a pasear, que estea perfectamente identificado; e así sabemos de quen é, e cando se abandona se lle pode recorrer a ese cidadán a que se faga cargo do custe de recollida dese animal.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas Sr. Magariños. Creo que no fondo coincidimos basicamente as tres forzas políticas en que o tema dos animais abandonados é un problema gravísimo. Eu como experiencia lles podo contar que foi un dos asuntos que suscitou máis polémica nos primeiros días deste mandato. Ademais, coincidiu xusto despois do verán, a xente chamaba habitualmente ó teléfono da Alcaldía porque non se lle daba solución á recollida dos animais. A verdade é que se xeraba un problema social importante e iso nos levou a finais do ano 2011 a firmar un contrato cunha empresa de recollida de animais. No que vostede comenta de que non lle é rentable, eu lle quero dicir que a empresa de recollida de animais ten a súa sede no sur de Galicia, no baixo Miño, e veu á Estrada durante todo este ano 2012 prestando servizo, certo que dunha maneira máis cara. Nós vamos a asumir un aforro importante con este Convenio, aproximadamente da metade do custe que nos viña supoñendo ata o de agora, pero tamén hai que destacar que somos moitos os concellos que nos vamos a adherir a este Convenio, e ademais a Deputación aportará fondos propios para poder manter este servizo. Unha canceira que ademais vai ser posta en servizo sen ningún

custe para os concellos que nos imos adherir, e que vai a estar dotada de todas as últimas novidades nesta materia, e que se vai a poñer en funcionamento nas próximas semanas. Xa está feito o edificio, se está acondicionando, e iso non vai a supoñer custe algún para os concellos o cal eu creo que é unha aportación importante. Polo tanto, é un problema grave, este ano (temos pendente de pechar o ano) se retiraron aproximadamente ó ano 85 animais no Convenio actual; polo tanto, non é un tema aislado, é un tema preocupante, é un tema que mellora substancialmente o que se producía ata o de agora. E aquí hai persoas que levaron as áreas de Medio Ambiente en gobernos anteriores e supoño que recoñecerán que mellora substancialmente a maneira de actuar que había en relación a este problema. E polo tanto se vai a dar unha regulación e unha seguridade na xestión deste problema. É un Convenio que ven a resolver un problema de competencias municipais. Ter este servizo nos concellos de máis de 20.000 habitantes é unha competencia municipal. Polo tanto a nós como Concello da máis de 20.000 habitantes nos xeneraba un problema, e era algo que tiñamos que resolver inevitablemente. Que ademais nos aporta unha vantaxe adicional que era a retirada de animais mortos nas vías públicas, que é algo a maiores que aporta este convenio que non se viña producindo coa empresa (que xa digo ven prestando servizos desde finais do ano 2011), e ademais que, como dicía antes, é un custe asumible. E a Deputación ten feito o seu estudo de mercado e sacará a xestión desta canceira, e máis ou menos xa ten feita a valoración económica que andará en torno a uns 360.000 euros; que distribuído por habitante na provincia de Pontevedra resulta un custe de 30 céntimos por habitante e concello. Tamén se ten en conta o efecto multiplicador, porque seguramente non haxa a mesma problemática nun concello como o noso que nalgunha vila urbana que, como dicía vostede, seguramente cos animais de compañía ou algunha outra situación. Polo tanto, eu creo que A Estrada neste aspecto sae beneficiada, e o custe suporá aproximadamente neste ano 6.500 euros cando nos estaba custando aproximadamente en torno a 14.000 euros ó ano, o que nos viña custando ata agora. Polo tanto, eu creo que mellora fundamentalmente a situación actual. Home, se hai que poñer algunha pega poñámoslla á redacción. Posiblemente cando firmemos o Convenio de forma definitiva virá máis concretizado ou máis matizado, os custes xa avaliados e os datos moito máis concretos. De momento o que vamos aprobar aquí é adherirnos a este Convenio e no momento en que teñamos os datos moito máis concretos xa llos faremos chegar para facelos participes desta decisión. En definitiva coincidirán comigo en que mellora substancialmente o que se viña producindo en moitos anos en relación ó tema dos animais abandonados no noso concello, que xeraba certas polémicas e que causaba grandes problemas (tanto para os veciños como para o propio concello) xestionar. Así que simplemente comentar este tema, e se non hai ningunha outra intervención, procedemos a votar este punto da orde do día. Apróbase por unanimidade.

Finalmente apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

Visto o borrador de Convenio rexistrado de entrada o 5 de outubro de 2012, a subscribir coa Deputación, relativo ao servizo de acollida de animais de compañía abandonados ("Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para o establecemento dun servizo de acollida de animais de compañía abandonados").

Considerando conveniente a realización destes labores pola parte da Deputación dada a dificultade que ten o Concello para prestar este servizo cos seus propios medios

Vista a competencia do Pleno da Corporación, de conformidade co sinalado nos artigos 22.2.p) e 47.2.h) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o Informe de Secretaría de 5 de outubro de 2012.

Visto o Informe de Intervención de 7 de decembro de 2012
Visto o Ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente de
27 de decembro de 2012.

ACORDAMOS:

1º.-Aprobar o "Convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as entidades locais da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para o establecemento dun servizo de acollida de animais de compañía abandonados"

2º.-Delegar na Deputación de Pontevedra as competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de animais de compañía abandonados, incluída a resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados no exercicio das competencias delegadas. Exceptúanse desa delegación os poderes de policía e de carácter sancionador que o ordenamento xurídico atribúe ao Concello e que seguirá conservando. As competencias delegadas exerceranse na totalidade do territorio dos concellos delegantes. A delegación de competencias terá plenos efectos dende a adxudicación da prestación do servizo por parte da Deputación e estenderase ata a finalización do período contractual establecido para o mesmo.

3º.-Adquirir o compromiso de realizar as achegas económicas que como contraprestación correspondan, nos termos descritos no Convenio.

4º.-Facultar al Sr. Alcalde para asinar os documentos que deriven deste Convenio ou calquera outra documentación que resulte precisa para a plasmación efectiva do presente Acordo.

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de control da xestión, non sei se algún grupo político ten algunha moción de urxencia. E se non hai ningunha moción de urxencia, por tanto pasamos á parte de control da xestión, co punto número dous, que é dación de contas das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de novembro de 2012, ámbolos dous incluídos; e o terceiro punto rogos e preguntas. Ten a palabra Sra. Louzao.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

2º.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE NOVIEMBRE DE 2012, ÁMBOLOS DOUS INCLUIDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de novembro de 2012.

3º.-ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Louzao Vieites, do PsdG-PSOE: Nos últimos días veñen a ser varios os veciños que se achegan a nós molestos por unha situación que se está a producir no Concello nestes momentos. A empresa contratada para a xestión dos recibos da auga, para o control das lecturas, parece ser que nos últimos días chegaron os recibos e que se producen distintas situacións das que, a parte da subida que se ten producido, se producen lecturas que non se corresponden coa realidade. Os veciños están moi descontentos con esta situación. Entón, nos gustaría saber cal é a relación que se mantén con esta empresa; se o concello se ten preocupado por isto posto que, como dicíamos, os veciños denuncian que son varios os casos onde se di que son unhas lecturas cando non se accedeu directamente á lectura deses contadores; e polo tanto está habendo unhas sobretaxas que se están aplicando coas que os veciños non están contentos. Parece ser que se están producindo varias reclamacións. Non sabemos se o concello xa tomou cartas neste asunto ou que é o que ten pensado facer para defender a estes veciños que están molestos e que consideran que o traballo desta empresa desde logo non se está correspondendo coa realidade e non está favorecendo (como se dicía inicialmente) a economía dos veciños e as veciñas. Estáselles encarecendo o recibo e estáselles encarecendo sobre custes que non son reais según denuncian os veciños.

Sr. Alcalde: Si temos constancia ou si nos chegan varias consultas dos veciños polo feito de que se acumulan durante estes últimos meses varios factores no mesmo recibo. Un, a entrada en vigor do canon da auga; dous, o cambio de periodicidade dos recibos, de bimensual a trimestral, polo tanto hai unha modificación no que son as lecturas e o custe do recibo. E outro, polo cambio na empresa de lectura que como ben sabe vostede desde fai moitos anos o xestionaba unha empresa e agora se adxudicou cun aforro de case un 40% a outra empresa que, en principio se presupón que capacidade máis que suficiente para poder xestionar este tema, que é Aquology, que é do grupo Aguas de Barcelona (me parece que é). Si é certo que se fai un cambio no sistema de lecturas, que se está producindo un cambio para facer unha lectura dixital, moito máis áxil; e ademais se está intentando buscar unha solución a aqueles contadores, a aquelas vivendas que non teñen acceso directo. Polo tanto, se viña realizando unha estimación do consumo e se lle está deixando unha notificación para que procedan a dar coñecemento ó concello de cales son as lecturas e polo tanto se non queren esa lectura por estimación o farán de forma obxectiva a través das lecturas que serán facilitadas polos propios veciños cando os contadores da auga están dentro dos domicilios. É unha problemática, cada unha das vivendas ten a súa problemática. Son casos eu creo que moi concretos. Incluso nos comentaban tamén que nalgúns recibos tiñan detectado algún erro no que é a parte variable do canón, erros que son normais e están detectados e que se producirá a súa corrección. E de feito xa houbo algunha reclamación presentada e xa foi resolta. E en principio non vai máis alá, a porcentaxe polo menos das que nós temos coñecemento e da que ten coñecemento a empresa, non vai máis alá de temas moi concretos e moi puntuais que son practicamente residuais no padrón total de auga. Si hai algún en concreto que si está detectado pero en principio hai que darse conta que esta empresa detectou e fixo o traballo para sacar á luz agora mesmo en torno a 1.000 vivendas que estaban conectadas ó abastecemento da auga e que non estaban pagando por ela; unha laboura que non se estaba facendo e que nestes meses a todos estes cambios que lle dicía eu que se producen neste último recibo, se produce tamén esa actualización importante que se fai en torno a 1.000 domicilios que non estaban facendo o pago do recibo da auga e que desde finais deste ano pasado 2012 terán que facer fronte ó pago, como calquera veciño, polo concepto de igualdade contributiva. Ó final, se desfruta do servizo o terá que pagar. E todos eses esforzos se están facendo. Algún desaxuste moi concreto e puntual se ten producido, pero en principio a verdade é que estamos satisfeitos do traballo feito por esta empresa.

Sra. Louzao Vietes, do PsdG-PSOE: Como dicíamos, efectivamente existe este descontento cos veciños. Vostede dicía que se lle aplicaba o canon da auga, que se facían trimestrais; certo, bueno houbo quen dixo que o canon da auga non se ía aplicar nunca na Estrada pero o certo é que se está aplicando, pero tamén existen estes erros. Simplemente poñer en coñecemento que os veciños están preocupados de que aconteza isto así, nada máis comezar, e que esperan unha solución.

Dicir simplemente e isto xa é un rogo que faciamos e reiteralo porque o estamos facendo creo que os dous últimos meses: que existe na carreteira que baixa desde Matalobos cara Sandelle, antes de chegar ó lugar de Gondomar, baixando á dereita, un colchón e algún outro elemento tirado ó borde da carreteira, nunha curva. Xa o temos posto en coñecemento, é un rogo que xa fixemos ó largo dos dous últimos meses e que continúa todavía alí, a pesar de que se nos tiña dito que se procedera á súa retirada. Simplemente recordar que continúa alí.

Pola nosa parte, moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moitas grazas Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños porque non vamos a entrar en debate sobre o tema do canon da auga. Eu creo que cada un neste caso queda perfectamente retratado do que dixo e do que é a realidade, sobre os pozos, as minas e os mananciais creo que cada un queda perfectamente retratado neste caso e o tempo, nós o dixemos fai ano e medio, o tempo pon a cada un no seu sitio, así que eu alégrome de que así sexa. Ten a palabra Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Simplemente, dous rogos: Un é que hai un verquido no alcantarillado na recta de Figueroa, aproximadamente a uns 100 m. da rotonda de Figueroa, baixando á man dereita. Debe de haber unha rotura, un aliviadeiro que leva varios días vertindo alí contra unha finca dun particular.

E outro é que hai varias plantas, entre elas un arboriño aquí na rúa principal, que están secos. Ou que se repoñan ou que se retiren, porque a imaxe non é moi agradable.

Sr. Alcalde: Moi ben, Sr. Magariños tomamos nota do primeiro tema. E no segundo estamos ultimando xa os trámites para pechar o contrato de mantemento a través da Concellería de Industria, tanto do mantemento do mobiliario urbano como tamén de xardinería que é certo e recoñecemos (e xa o dixemos en varias ocasións) que fai falta recuperar un pouco a estética e o ornato das rúas principais do noso Concello.


Moi ben, moitas grazas polas súas aportacións. Dentro do regulamento de participación cidadá tamén está a posibilidade de que algunha persoa que estea no público se quere intervir o poida facer. E se non hai ningunha intervención, e como dicía antes en nome de toda esta corporación, desexándolles que teñan un feliz ano 2013, levántase a sesión. Moitas grazas. No non se levanta a sesión, hai que esperar.

Sr. José Manuel Valladares Bugallo (do público asistente): Moi boas noites e feliz ano novo a todos. Como lle dixen a anterior vez, hai máis de catro meses que lle pedín que pasara por San Miguel de Castro. Podo falar? e que estou esperando se me atende, píddolle unha contestación Sr. Alcalde. Se non ten intención de contestarme case non vale a pena que fale, porque levo catro meses esperando por vostede, que pase pola parroquia de San Miguel de Castro, onde hai moitas anomalías. Nunha delas estou ameazado por persoal do Concello, incluso quero saber se o día 31 foi día laborable no Concello. Non?, pois unha desas mesmas persoas onde fun ameazado, volveume ameazar, pero agora verbalmente e incluso non ten ningunha vontade de pasar por San Miguel de Castro. Pero eu creo, como cidadano que pago os meus impostos, debería ter obrigaón de pasar por alí. Como vostede non sei o soldo que cobra como alcalde nin se ten outro cargo público máis, pero como alcalde eu penso que ten obrigaón de atender as peticións dos cidadáns. Porque está cortando luces aquí na cidade da Estrada e hai luces no rural onde non está nin asfaltado e están alumeando e foron xa cortadas e xa varias veces a repoñer outra vez. Por iso me gustaría dunha vez por todas non ter que vilo a molestar, porque eu penso que dialogando, atendendo ás persoas, ós cidadáns e non telos discriminados como os ten na zona de San Miguel de Castro...; porque temos unha carreteira da Deputación que da pena, que cada vez que teño que pasar a ITV sempre ten algunha anomalía o coche que menos mal. Eu estiven fóra, iba pasar a ITV e o coche pasaba outra vez, sen anomalías. Se as facía, xa as notaba antes pero non como pasa aquí. Xa non é normal que un vehículo teña que pasar cada seis

meses un control da ITV, ese é o bo estado que nós temos das carreiras. E que vostedes nos están exprimindo como limóns. É todo o que teño que dicir, Sr. Alcalde.

***Sr. Alcalde:** Moi ben, pois moitas grazas pola súa aportación e intentaremos na medida do posible ir solucionando os problemas da parroquia, como comentaba ben vostede, igual que os das outras 50 parroquias da Estrada que nos preocupan de igual maneira. Se non hai ningunha outra intervención, levantamos a sesión. Moitas grazas.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte unha horas e tres minutos.



A Estrada, 3 de xaneiro de 2013

O SECRETARIO,

Assdo.: José Naveira González